



CONCELLO
DE
ABEGONDO
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.gal
endereço electrónico: correo@abegondo.gal

ASUNTO: SESIÓN 2020/10 Ordinaria PLENO DO 19 DE NOVIEMBRE 2020
EXPEDIENTE: 2020/G010/000010

ACTA Nº 2020/10 SESIÓN Ordinaria DO PLENO - , xoves 19 de novembro de 2020 -

No día de hoxe, ás 13:34 horas, baixo a presidencia do alcalde, reúnen-se os concelleiros e concelleiras que se indican co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión Ordinaria do Pleno que se celebra telemáticamente.

Membros que asisten:

Alcalde-Presidente:

José Antonio Santiso Miramontes

Concelleiros:

Laura C. Calvo Quintela

Alberto Seoane Brandariz

Gustavo Manuel Quindimil Gómez

Francisca Bestilleiro Roel

Marcos Zapata Díaz

José María Caamaño Nogueira

Luís Constante Freire Pérez de Juan

Silvia Taboada Carro

Fátima Insua López

Roberto Gómez Lesta

María Ángeles Vilas Pedreira

Francisco Javier Rodríguez Souto (entra para o punto segundo)

Escusan a súa ausencia:

--

Secretario

Adrián J. Márquez Caramés

Asiste como secretario Adrián J. Márquez Caramés secretario da Corporación, que dá fe do acto. Unha vez aberto este pola Presidencia. Constátase a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente, polo que o alcalde, como Presidente, declara aberta a sesión. Procédese a tratar os asuntos incluídos na **ORDE DO DÍA:**

PARTE I: ADOPCIÓN DE ACORDOS

1. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR
2. MODIFICACIÓN ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE SUBMINISTRACIÓN DE AUGA POTABLE ANUALIDADE 2021
3. MODIFICACIÓN ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLO SERVIZO DE REDE DE SUMIDOIROS E DEPURACIÓN 2021
4. CONVENIO DE COLABORACIÓN INTERADMINISTRATIVO ENTRE OS CONCELLOS DE ABEGONDO E OZA DE CESURAS PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO DE ABASTECIMENTO DE AUGA POTABLE EN ZONAS LIMÍTROFES
5. AGRUPACIÓN PARA O SOSTEMENTO EN COMÚN DO POSTO DE TESOURERÍA E APROBACIÓN INICIAL PROXECTO ESTATUTOS



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [\[https://sede.abegondo.gal\]](https://sede.abegondo.gal) mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



CONCELLO
DE
ABEGONDO
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.gal
endereço electrónico: correo@abegondo.gal

PARTE II: CONTROL ÓRGANOS DE GOBERNO

1. DACIÓN DE CONTA INFORMACIÓN TRIMESTRAL DO 3 DE TRIMESTRE 2020
2. DACIÓN DE CONTA DO ESTADO DE TRAMITACIÓN DO PXOM
3. DECRETOS DA ALCALDÍA
4. ROGOS E PREGUNTAS

De acordo cos requirimentos establecidos no artigo 2 do Decreto 24/2018, do 15 de febreiro, sobre os libros de actas e de resolucións das entidades locais galegas, substitúese a transcripción na acta das opinións dos membros asistentes ao pleno polo rexistro en soporte apto para a gravación e reprodución do son.

Esta acta foi gravada con audio e video. Consta no expediente do Tedec 2020/G010/000010.

A pegada dixital é : 05098851877AB5AEFC8DF13AA81DD0281B2114C30E29C577C204B202CC4D5A01h

Pódese ver no seguinte enlace:

1.- APROBACIÓN DAS ACTAS DE SESIÓNS ANTERIORES

De acordo co disposto no art. 91 do ROF o Sr. alcalde-presidente consultou aos concelleiros se desexan facer algunha observación ás actas de data 17.09.2020 e 29.10.2020 que estaban pendentes de aprobar.

Unha vez sometido este punto da orde do día a votación ordinaria a Corporación Municipal acordan a aprobación das actas todos os membros presentes.

2. MODIFICACIÓN ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE SUBMINISTRACIÓN DE AUGA POTABLE ANUALIDADE 2021

Dase conta da seguinte proposta ditaminada favorablemente pola comisión informativa correspondente:

ASUNTO: MODIFICACION ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE SUBMINISTRACIÓN DE AUGA POTABLE ANUALIDADE 2021

EXPEDIENTE: 2020/G006/000195

ANTECEDENTES

PRIMEIRO. O Concello de Abegondo conta coa Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación do servizo de subministración de auga potable, publicada no *Boletín Oficial da Provincia* da Coruña número 227 do martes, 2 de outubro de 2001. O artigo 7 da dita ordenanza establece as tarifas do servizo de abastecemento e o artigo 8 as tarifas dos contadores, que se actualizan anualmente. As tarifas correspondentes ao ano 2020 foron aprobadas na sesión extraordinaria do Pleno do 05/12/2019.

SEGUNDO. O Concello de Abegondo ten adxudicado o servizo municipal de augas á empresa Espina & Delfín. Segundo as previsións contidas no cláusula 28.4 do prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación da xestión do servizo público de abastecemento de auga potable, mantemento da rede de sumidoiros e depuración de augas residuais, o importe da revisión anual mínima da retribución do concesionario determinarase mediante a aplicación do correspondente IPC.



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [\[https://sede.abegondo.gal\]](https://sede.abegondo.gal) mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



CONCELLO
DE
ABEGONDO
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.gal
endereço electrónico: correo@abegondo.gal

TERCEIRO. A Xunta de Goberno Local, na sesión realizada con data 07/08/2013, acordou modificar o período de IPC a aplicar para a actualización anual das tarifas do servizo municipal de augas ao período agosto/agosto, previa solicitude da empresa Espina & Delfín.

LEXISLACIÓN APLICABLE

A Lexislación máis destacada do asunto é a seguinte:

- A Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local
- A Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas
- A Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público
- Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais
- Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación do servizo de subministración de auga potable

CONSIDERACIÓNS

O IPC do período de agosto 2019 a agosto 2020 foi do **-0,5 %**, o que supón unha baixa nos custos do servizo de abastecemento de auga potable para o Concello. De acordo co previsto nos artigos 15 e seguintes e 24 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado por R.D Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, propónse a revisión das tarifas previstas na ordenanza fiscal reguladora.

Unha vez realizada a tramitación legalmente establecida e conforme establecen os artigos 22.2.e) e 47 da Lei 7/1985, do 2 de abril, e o artigo 17 do TRLRHL, correspóndelle ao Concello Pleno a aprobación por maioría simple da modificación das ordenanzas fiscais.

Esta alcaldía propónlle ao Pleno da Corporación, previo ditame da comisión informativa correspondente, a adopción do seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO. Aprobar inicialmente a modificación do artigo 7 e do artigo 8 da Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación do servizo de subministración de auga potable para o ano 2021, diminuíndo as tarifas un **-0,5 %**, que coincide co IPC no período agosto 2019-agosto 2020.

Os artigos 7 e 8 da ordenanza fiscal reguladora da taxa polo servizo de abastecemento de auga queda redactado como segue:

Artigo 7.

A.-TARIFAS DO SERVIZO DE ABASTECIMENTO

A.1.- Doméstico e comercial:

5. Cota fixa mensual : 3,526 €/ab.mes

6. Por consumo: 0,219 €/m³

A.2.- Industrial e obras:

Cota fixa mensual : 4,410 €/ab.mes

Por consumo: 0,219 €/m³

A.3.- Cota de conservación de acometidas de abastecemento

- Cota mensual: 0,357 €/ab.mes



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [\[https://sede.abegondo.gal\]](https://sede.abegondo.gal) mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



CONCELLO
DE
ABEGONDO
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.gal
endereço electrónico: correo@abegondo.gal

B.-REALIZACIÓN DE ACOMETIDAS E ENGANCHES

B.1.- Prezo de acometidas de abastecemento

| | | |
|------------------|--|--------------|
| Prezo unitario | | |
| Acometida de 1" | | 439,70 €/ud. |
| Acometida de 1¼" | | 483,68 €/ud. |
| Acometida de 1½" | | 532,06 €/ud. |
| Acometida de 2" | | 585,23 €/ud. |

B.2.- Taxa de enganche

- Para edificios cunha soa vivenda está incluído no prezo da acometida.
- Para edificios con baixo e planta usados de forma independente e unha soa acometida
 - O primeiro enganche está incluído dentro do prezo da acometida
 - O segundo enganche: 239,81 €.
- Para edificios con varias vivendas ou locais comerciais e unha soa acometida
 - Por cada vivenda ou local comercial: 239,81 €.

B.3.- Acometidas de maior lonxitude

Fanse prezos diferentes dependendo do diámetro da acometida e do tipo de reposición que se vai realizar na gabia.

Para as acometidas de máis de 5 m (entre 5 e 10 m) terase un prezo por metro de exceso. Para maiores distancias farase un orzamento en cada caso, resultando o custo inferior ao prezo unitario por metro.

| Acometidas de máis de 5 mts. | ¾" | 1" | 1½" | 2" |
|------------------------------|-------|-------|-------|-------|
| (A) incremento € por m. | 9,72 | 11,41 | 16,27 | 27,26 |
| (B) incremento € por m. | 21,41 | 23,11 | 27,93 | 38,96 |
| (C) incremento € por m. | 25,80 | 27,34 | 32,21 | 43,21 |

B.4.- Cambio de titular e taxa de alta

1.- Cambio do titular

Por cada cambio de titular, previa autorización do Concello: 47,98 €.

2.- Taxa de alta

Por taxas administrativas por todos os conceptos: 39,98 €

B.5.- Xestión de cobro a impagados

Cobro aos abonados morosos dos gastos ocasionados pola comunicación dos recibos pendentes de pago:

4,32 €/ud

B.6.-Desprecintado de contador

Por desprecintado de contador : 19,46 €/ud.

B.7- Precintado de contador

Por revisión de instalación, precintado de racores, lectura inicial, de contadores non instalados por persoal do



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [\[https://sede.abegondo.gal\]](https://sede.abegondo.gal) mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



CONCELLO
DE
ABEGONDO
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.gal
endereço electrónico: correo@abegondo.gal

servizo: 19,46 €/ud.

B.8.-Comprobación de contador do abonado con contador patrón

Por petición do abonado, comprobación da medición do seu contador con contador patrón: 19,46 €/ud.

Artigo 8

CONTADORES

1.1.- INSTALACIÓN EN BATERÍA DE CONTADOR OU SIMILAR

- Chave de paso
- Válvula antirretorno
- Pezas de conexión

- **Prezo contador instalado**
- Contador de 13 mm: 80,75 €/ud.
- Contador de 15 mm: 80,75 €/ud.
- Contador de 20 mm: 118,55 €/ud.

1.2.- INSTALACIÓN EN FORNELA DE POLIÉSTER

- **Prezo contador instalado sobre parede con fornela de poliéster**
- Contador de 13 mm: 132,17 €/ud.
- Contador de 15 mm: 132,17 €/ud.
- Contador de 20 mm: 176,83 €/ud.

1.3.- CONTADOR DIÁMETRO SUPERIOR A 20 MM.

Farase orzamento para cada caso.

1.4.- TARIFA DE CONTADORES (sen instalación)

TARIFA DE CONTADORES

(sen colocación)

| | | |
|---------|--------|------|
| Ø13 mm. | 57,02 | €/ud |
| Ø15 mm. | 57,02 | €/ud |
| Ø20 mm. | 76,55 | €/ud |
| Ø25 mm. | 129,54 | €/ud |
| Ø30 mm. | 182,33 | €/ud |
| Ø40 mm. | 283,30 | €/ud |
| Ø50 mm. | 628,54 | €/ud |
| Ø65 mm. | 769,64 | €/ud |



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<https://sede.abegondo.gal>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



CONCELLO
DE
ABEGONDO
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.gal
endereço electrónico: correo@abegondo.gal

1.5.- TARIFAS POR COLOCACIÓN DE CONTADORES (aparato suministrado polo abonado)

- Contador de 13 mm: 37,07 €/ud.
- Contador de 15 mm: 41,66 €/ud.
- Contador de 20 mm: 52,32 €/ud.

PREZO DE ACOMETIDA E CONTADORES

1. PREZO DE EXECUCIÓN DE ACOMETIDAS

1.1. Acometida normal

Realízase o cálculo para a acometida normal de 5,00 m de lonxitude máximo (1 a 5 m)

MATERIAIS

- Collarín de toma
- Enlaces
- Tubería de PEBD: 1 A 5 M
- Chaves de paso
- Arquetilla de 15x25

OBRA CIVIL

- Arqueta para colocación de tapa de 15x25
- Lonxitude máxima: 5 m (apertura, peche e reposición de pavimento)

Fanse prezos diferentes dependendo do diámetro da acometida e do tipo de reposición que se debe realizar.

| Acometida | Terra (A) | Asfalto (B) | Baldosa-beirarrúa (C) |
|---------------|-----------|-------------|-----------------------|
| 3/4" | 193,61 | 249,20 | 296,81 |
| 1" | 210,68 | 263,52 | 312,87 |
| 1 1/4" 1 1/2" | 253,44 | 309,22 | 356,25 |
| 2" | 301,58 | 356,25 | 403,80 |

SEGUNDO. Ordenar a publicación no taboleiro de anuncios da Corporación, así como no BOP da Coruña do acordo de aprobación inicial durante un prazo de 30 días, que contarán a partir do seguinte ao da inserción do anuncio correspondente co fin de que os interesados poidan examinar o expediente e presentar reclamacións ante o Pleno da Corporación.

TERCEIRO. Entender definitivamente aprobada a presente modificación, sen necesidade de novo acordo plenario, se durante o período de exposición pública non se presentan reclamacións.



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [\[https://sede.abegondo.gal\]](https://sede.abegondo.gal) mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



CONCELLO
DE
ABEGONDO
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.gal
endereço electrónico: correo@abegondo.gal

Tras unha breve exposición por parte do alcalde-presidente, procedese á votación da proposta presentada, co seguinte resultado:

Votos a favor: 9 (José Antonio Santiso Miramontes, Laura C. Calvo Quintela, Alberto Seoane Brandariz, Gustavo Manuel Quindimil Gómez, Marcos Zapata Díaz, Francisca Bestilleiro Roel, José María Caamaño Nogueira, Luís Constante Freire Pérez de Juan e Silvia Taboada Carro)
Abstencións: 4 (Roberto Gómez Lesta, Fátima Insua López, María Ángeles Vilas Pedreira e Francisco Javier Rodríguez Souto)
Votos en contra: 0

Polo que o Pleno da Corporación, acorda aprobar a proposta.

3. MODIFICACIÓN ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLO SERVIZO DE REDE DE SUMIDOIROS E DEPURACIÓN 2021

Dase conta da seguinte proposta ditaminada favorablemente pola comisión informativa correspondente:

ASUNTO: MODIFICACIÓN ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA SERVIZO DE REDE DE SUMIDOIROS E DEPURACIÓN ANUALIDADE 2021

EXPEDIENTE: 2020/G006/000197

ANTECEDENTES

PRIMEIRO. O Concello de Abegondo conta coa Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación do servizo de rede de sumidoiros e depuración, publicada no *Boletín Oficial da Provincia* da Coruña número 227 do martes, 2 de outubro de 2001. O artigo 7 da dita ordenanza establece as tarifas do servizo da rede de sumidoiros e depuración, que se actualizan anualmente. As tarifas correspondentes ao ano 2020 foron aprobadas na sesión extraordinaria do Pleno do 05/12/2019.

SEGUNDO. O Concello de Abegondo ten adxudicado o servizo municipal de augas á empresa Espina & Delfín. Segundo as previsións contidas no cláusula 28.4 do prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación da xestión do servizo público de abastecemento de auga potable, mantemento da rede de sumidoiros e depuración de augas residuais, o importe da revisión anual mínima da retribución do concesionario determinarase mediante a aplicación do correspondente IPC.

TERCEIRO. A Xunta de Goberno Local, na sesión realizada con data 07/08/2013, acordou modificar o período de IPC a aplicar para a actualización anual das tarifas do servizo municipal de augas ao período agosto/agosto, previa solicitude da empresa Espina & Delfín.

LEXISLACIÓN APLICABLE

A Lexislación máis destacada do asunto é a seguinte:

- A Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local
- A Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas
- A Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público
- Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais
- Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación do servizo de rede de sumidoiros e depuración

CONSIDERACIÓNS



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [\[https://sede.abegondo.gal\]](https://sede.abegondo.gal) mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



CONCELLO
DE
ABEGONDO
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.gal
endereço electrónico: correo@abegondo.gal

O IPC do período de agosto 2019 a agosto 2020 foi do **-0,5 %**, o que supón unha baixa nos custos do servizo de rede de sumidoiros e depuración para o Concello. De acordo co previsto nos artigos 15 e seguintes e 24 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado por Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, propónse a revisión das tarifas previstas na ordenanza fiscal reguladora.

Unha vez realizada a tramitación legalmente establecida e conforme establecen os artigos 22.2.e) e 47 da Lei 7/1985, do 2 de abril, e o artigo 17 do TRLRHL, correspóndelle ao Concello Pleno a aprobación por maioría simple da modificación das ordenanzas fiscais.

A Alcaldía proponlle ao Pleno da Corporación, previo ditame da comisión informativa correspondente, a adopción do seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO. Aprobar inicialmente a modificación do artigo 7 da Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación do servizo de rede de sumidoiros e depuración para o ano 2021, diminuíndo as tarifas un **-0,5 %**, que coincide co IPC no período agosto 2019-agosto 2020.

A.- Tarifas do servizo de saneamento

A.1.- Para abonados con servizo de abastecemento

Cota fixa mensual: 1,753 Eur/ab.mes

Para os m³. facturados. en abastec.: 0,177 Eur/m³

A.2.- Para abonados sen servizo de abastecemento

Doméstico e comercial: 15,44 Eur/ab.trim.

Industrial e obras: 26,48 Eur/ab.trim.

A.3.- Cota de conservación de acometidas de saneamento

Cota mensual: 0,357 Eur/ab.mes

A.4.- Cota por baleirado de fosas sépticas

Por volume da fosa séptica baleirado na EDAR: 6,119 Eur/ab.mes

B.- REALIZACIÓN DE ACOMETIDAS E ENGANCHES

B.1.- REALIZACIÓN DE ACOMETIDAS

1.- Acometida normal

Ud. acometida de auga residual formada por arqueta de saída, tubo de P.V.C. Ø160/5 atm., incluída escavación, recheo, demolición e reposición de firme no seu caso, así como conexión a colector existente, para unha lonxitude máxima de 5 m.

GABIA EN TERRA: 279,79 Eur/ud.

GABIA EN ASFALTO: 319,76 Eur/ud.

GABIA EN BEIRARRÚA: 359,76 Eur/ud.

GABIA EN ROCHA: farase orzamento para cada caso

2.- Acometida de maior lonxitude

Para las acometidas de máis de 5 metros terase un prezo por metro de exceso para lonxitudes non moi superiores aos 5 m. Para maiores distancias farase un orzamento en cada caso.

GABIA EN TERRA: 20,81 Eur/m.

GABIA EN ASFALTO: 35,85 Eur/m.

GABIA EN BEIRARRÚA: 42,41 Eur/m.

GABIA EN ROCHA: farase un orzamento para cada caso



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [\[https://sede.abegondo.gal\]](https://sede.abegondo.gal) mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



CONCELLO
DE
ABEGONDO
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.gal
endereço electrónico: correo@abegondo.gal

B.2.- Taxa de enganche

- Por cada vivenda ou local: 79,93 Eur.

B.3.- Cambio de titular e taxa de alta

- Por cambio do titular
Por cada cambio de titular, previa autorización do Concello: 47,98 Eur.
- Taxa de alta
Por taxas administrativas por todos os conceptos: 39,98 EUR.

SEGUNDO. Ordenar a publicación no taboleiro de anuncios da Corporación, así como no BOP da Coruña do acordo de aprobación inicial durante un prazo de 30 días, que contarán a partir do seguinte ao da inserción do anuncio correspondente co fin de que os interesados poidan examinar o expediente e presentar reclamacións ante o Pleno da Corporación.

TERCEIRO. Entender definitivamente aprobada a presente modificación, sen necesidade de novo acordo plenario, se durante o período de exposición pública non se presentan reclamacións.

Tras unha breve exposición por parte do alcalde-presidente, procedese á votación da proposta presentada, co seguinte resultado:

Votos a favor: 9 (José Antonio Santiso Miramontes, Laura C. Calvo Quintela, Alberto Seoane Brandariz, Gustavo Manuel Quindimil Gómez, Marcos Zapata Díaz, Francisca Bestilleiro Roel, José María Caamaño Nogueira, Luís Constante Freire Pérez de Juan e Silvia Taboada Carro)
Abstencións: 4 (Roberto Gómez Lesta, Fátima Insua López, María Ángeles Vilas Pedreira e Francisco Javier Rodríguez Souto)
Votos en contra: 0

Polo que o Pleno da Corporación, acorda aprobar a proposta.

4. CONVENIO DE COLABORACIÓN INTERADMINISTRATIVO ENTRE OS CONCELLOS DE ABEGONDO E OZA DE CESURAS PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO DE ABASTECIMENTO DE AUGA POTABLE EN ZONAS LIMÍTROFES

Dase conta da seguinte proposta ditaminada favorablemente pola comisión informativa correspondente:

ASUNTO: APROBACIÓN DO TEXTO CONVENIO DE COLABORACIÓN INTERADMINISTRATIVO ENTRE OS CONCELLOS DE ABEGONDO E OZA CESURAS PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO DE ABASTECIMENTO DE AUGA POTABLE EN ZONAS LIMÍTROFES

EXPEDIENTE: 2020/G006/000196

ANTECEDENTES

PRIMEIRO. Os municipios de Abegondo e Oza Cesuras, da provincia da Coruña, como entidades locais territoriais limítrofes, están interesadas en desenvolver as actuacións de cooperación e asistencia activa que sexan precisas para a prestación de cantos servizos públicos contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións das súas respectivas comunidades veciñais.

SEGUNDO. Entre os servizos públicos que, conforme a normativa vixente en materia de réxime local, os municipios



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [\[https://sede.abegondo.gal\]](https://sede.abegondo.gal) mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



CONCELLO
DE
ABEGONDO
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.gal
endereço electrónico: correo@abegondo.gal

deben prestar obrigatoriamente destaca, polo seu carácter básico e necesario, o de abastecemento domiciliario de auga potable, cuxo establecemento e prestación con carácter xeneralizado e satisfactorio constitúe unha aspiración irrenunciábel de ambos os concellos.

TERCEIRO. A vontade dos Concellos de Abegondo e Oza Cesuras establecer fórmulas de colaboración que permitan solucionar estas dificultades e ampliar o servizo de subministración de auga a determinadas vivendas de Abegondo limítrofes con Oza Cesuras, o que non sería factible se cada Concello actuase de xeito individual e dende as súas propias instalacións.

CUARTO. Proporcionar a correspondente cobertura legal para que Abegondo poida dar o servizo de abastecemento de auga a inmobles situados nas inmediacións dos lindes con Oza Cesuras dende as instalacións de auga deste concello, solucionando así a problemática derivada da imposibilidade legal de exercer as competencias fora do termo municipal.

LEXISLACIÓN APLICABLE

A Lexislación máis destacada do asunto é a seguinte:

- A Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.
- A Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas
- A Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.
- A Lei 2/2017, de 8 de febreiro, de medidas fiscais, administrativas e de ordenación.
- A Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local.
- A Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local.

CONSIDERACIÓNS

PRIMEIRO. Cooperación entre administracións.

A cooperación económica, técnica e administrativa entre a Administración local e as Administracións do Estado e das Comunidades Autónomas, tanto en servizos locais como en asuntos de interese común, desenvolverase con carácter voluntario, baixo as formas e nos termos previstos nas leis, podendo ter lugar, en todo caso, mediante os consorcios ou os convenios administrativos que subscriban.

De cada acordo de cooperación formalizado por algunha destas Administracións darase comunicación a aquelas outras que, resultando interesadas, non interveñan no mesmo, aos efectos de manter una recíproca e constante información.

No non previsto no Título III, sobre Relacións Interadministrativas da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, as relacións entre a Administración Xeral do Estado ou as Administracións das Comunidades Autónomas coas Entidades que integran a Administración Local rexeranse pola lexislación básica en materia de réxime local.

SEGUNDO. Carácter non contractual da actuación e cumprimento da lexislación básica de Réxime Xurídico do Sector Público.

A presente actuación administrativa queda enmarcada na figura dos Convenios regulada no Capítulo VI do Título Preliminar da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, a través dos seus artigos 47 e seguintes, así como no establecido no artigo 6.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [\[https://sede.abegondo.gal\]](https://sede.abegondo.gal) mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



CONCELLO
DE
ABEGONDO
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.gal
endereço electrónico: correo@abegondo.gal

2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, quedarán fóra do establecido no ámbito de devandita lei os convenios, cuxo contido non estea comprendido no dos contratos regulados nesta Lei ou en normas administrativas especiais celebrados entre si pola Administración Xeral do Estado, as Entidades Xestoras e os Servizos Comúns da Seguridade Social, as Universidades Públicas, as Comunidades Autónomas e as Cidades Autónomas de Ceuta e Melilla, as Entidades locais, as entidades con personalidade xurídico pública delas dependentes e as entidades con personalidade xurídico privada, sempre que, neste último caso, teñan a condición de poder adxudicador.

A súa exclusión queda condicionada ao cumprimento das seguintes condicións:

- As entidades intervincentes non deben ter vocación de mercado, a cal se presumirá cando realicen no mercado aberto unha porcentaxe igual ou superior ao 20 por cento das actividades obxecto de colaboración. Para o cálculo de devandita porcentaxe tomarase en consideración a media do volume de negocios total ou outro indicador alternativo de actividade apropiado, como os gastos soportados considerados en relación coa prestación que constitúa o obxecto do convenio nos tres exercicios anteriores á adxudicación do contrato. Cando, debido á data de creación ou de inicio de actividade ou á reorganización das actividades, o volume de negocios ou outro indicador alternativo de actividade apropiado, como os gastos, non estivesen dispoñibles respecto dos tres exercicios anteriores ou perdesen a súa vixencia, será suficiente con demostrar que o cálculo do nivel de actividade correspóndese coa realidade, en especial, mediante proxeccións de negocio.
- Que o convenio estableza ou desenvolva una cooperación entre as entidades participantes coa finalidade de garantir que os servizos públicos que lles incumben préstanse de modo que se logren os obxectivos que teñen en común.
- Que o desenvolvemento da cooperación guíese unicamente por consideracións relacionadas co interese público.

A continuación, segundo o apartado 2 do artigo 6 do mesmo texto legal, tamén estarán excluídos do ámbito de aplicación da Lei de Contratos os convenios que celebren as entidades do sector público con persoas físicas ou xurídicas suxeitas ao dereito privado, sempre que o seu obxecto non estea comprendido no dos contratos regulados en devandita lei ou en normas administrativas especiais.

Estes supostos serán regulados polas súas normas especiais, aplicándose os principios da Lei de Contratos do Sector Público, para resolver dúbidas e lagoas que puidesen presentarse.

TERCEIRA. Necesidade e oportunidade do Convenio (artigo 50.a de a Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público):

Constitúe obxecto do presente convenio establecer os termos e condicións xerais que regularán a colaboración entre os Concellos Proporcionar a correspondente cobertura legal para que Abegondo poida dar o servizo de abastecemento de auga a inmobles situados nas inmediacións dos lindes con Oza Cesuras dende as instalacións de auga deste concello, solucionando así a problemática derivada da imposibilidade legal de exercer as competencias fora do termo municipal.

O convenio ten carácter carácter interadministrativo e subscríbese ao amparo do previsto no artigo 6 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, por concorrer as seguintes condicións:

- As entidades intervincentes non teñen vocación de mercado.
- O convenio establece ou desenvolve unha cooperación entre as entidades participantes coa finalidade de garantir que os servizos públicos que lles incumben se prestan de modo que se logren os obxectivos que teñen en común.
- O desenvolvemento da cooperación guíase unicamente por consideracións relacionadas co interese público.



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [\[https://sede.abegondo.gal\]](https://sede.abegondo.gal) mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



CONCELLO
DE
ABEGONDO
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.gal
endereço electrónico: correo@abegondo.gal

Nos termos previstos no referido artigo 6, o presente convenio queda excluído do ámbito da Lei 9/2017, rexéndose polo previsto no seu clausulado e subsidiariamente pola Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, toda vez, que por unha banda se rexe pola lexislación contractual pero no tocante ao réxime de cesión dos bens e á relación entre as partes asinantes é un convenio puramente interadministrativo da Lei 40/2015.

CUARTA. Xustificación da exclusión do ámbito de aplicación do dereito da contratación pública.

De acordo coa xurisprudencia do TXUE, os convenios asinados entre dúas entidades públicas, que sexan “a culminación dunha acción de cooperación intermunicipal”, destinado á realización conxunta dunha función común e prioritaria de servizo público, como o , quedan excluídos do ámbito de aplicación do dereito da contratación pública, cando se dean as seguintes circunstancias:

- Que o convenio sexa asinado exclusivamente por poderes adxudicadores, sen a participación dunha empresa privada.
- Que non se favoreza a ningún operador económico privado respecto dos seus competidores.
- Que a cooperación que establezan só se rexa por consideracións e esixencias características da persecución de obxectivos de interese público.

O artigo 12.4 da Directiva 24/2014 do 26 de febreiro, sobre contratación pública, ademais de acoller os criterios doutriniais fixados polo Tribunal dispón que “os poderes adxudicadores participantes realicen no mercado aberto menos do 20 % das actividades obxecto da cooperación”. Ademais, o artigo 38 da Directiva 2014/24/UE establece que “dous ou máis poderes adxudicadores poderán acordar a realización conxunta de determinadas contratacións específicas”.

A Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, dispón que as entidades pertencentes ao sector público, que teñan a condición de poder adxudicador, poderán cooperar entre si mediante sistemas de cooperación horizontal, previa sinatura dos correspondentes convenios, nas condicións e cos límites que se establece o apartado 1 do artigo 6 (art. 31.1, letra b):

- a) As entidades intervenientes non han de ter vocación de mercado, o cal se presumirá cando realicen no mercado aberto unha porcentaxe igual ou superior ao 20 por cento das actividades obxecto de colaboración. (...)
- b) Que o convenio estableza ou desenvolva unha cooperación entre as entidades participantes coa finalidade de garantir que os servizos públicos que lles incumben se prestan de modo que se logren os obxectivos que teñen en común.
- c) Que o desenvolvemento da cooperación se guíe unicamente por consideracións relacionadas co interese público”.

Con relación ao concreto convenio de cooperación que se suscita neste caso, cabe indicar, en primeiro lugar, que o convenio se asina entre ,o Concello de Abegondo a o Concello de Oza-Cesuras. En segundo termo, non se dá trato de favor a ningún prestador privado, xa que a xestión do vai ser obxecto de licitación de acordo coas esixencias da LCSP. En terceiro termo, a cooperación só se rexe “por consideracións e esixencias características da persecución de obxectivos de interese público”. Así, a cooperación entre ambas as entidades ten como finalidade exclusiva garantir a realización dunha misión de servizo público común a estas, neste caso,sería . Non ten carácter oneroso, senón que está dirixida exclusivamente á persecución de obxectivos comúns de interese público, como a protección do medio ambiente e da saúde pública. En cuarto lugar, e como consecuencia do anterior, as entidades que son parte do convenio cumpren claramente a esixencia de realizar no mercado aberto menos do 20% das actividades obxecto da cooperación.

Ademais, a LCSP establece que as entidades pertencentes ao sector público poderán, en todo caso, acordar



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [\[https://sede.abegondo.gal\]](https://sede.abegondo.gal) mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



CONCELLO
DE
ABEGONDO
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.gal
endereço electrónico: correo@abegondo.gal

mediante convenio a realización conxunta de contratacións específicas (art. 31.2 LCSP).

Dado que a contratación conxunta permite aproveitar economías de escala, sendo iso compatible cos principios da contratación do sector público recollidos no artigo 1 da LCSP, e en particular cos “principios de eficiencia e de cooperación aplicables á xestión contractual das entidades locais, considerando a opción de compra conxunta non só legal, senón recomendable e conveniente axustándose aos parámetros da boa administración” (Informe 5/2014, do 3 de marzo, da Xunta Consultiva de Contratación Administrativa).

QUINTO. Competencia e finalidade pública das Administracións.

Para a aprobación dun Convenio administrativo de colaboración entre o Concello e calquera outra Administración, de conformidade co establecido no artigo 140.2 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público non previsto pola citada Lei deberá aplicarse a lexislación básica en materia de réxime local.

Queda fundamentada a competencia do Concello, en exercer en todo caso como competencias propias nos termos da lexislación do estado e das Comunidades Autónomas, nas seguintes materias: “Asemade, é de aplicación a previsión do artigo 74.5 da Lei 2/2017, do 8 de febreiro, de medidas fiscais, administrativas e de ordenación, que recolle a posibilidade dos concellos de promover ou participar en calquera momento en actuacións interadministrativas de colaboración para a mellora e o poida dar o servizo de abastecemento de auga a inmoables situados nas inmediacións dos lindes con Oza Cesuras dende as instalacións de auga deste concello, solucionando así a problemática derivada da imposibilidade legal de exercer as competencias fora do termo municipal.

Sexa como fora, de acordo co artigo 3.3.a) da Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local trátase non só de colaborar, senón de racionalizar actuacións establecendo un mecanismo que permita satisfacer as necesidades do servizo de auga de determinados veciños ou habitantes de Abegondo que viven nas zonas limítrofes con Oza Cesuras, e evite levar a cabo, por esixencias da propia morfoloxía dos terreos, polo carácter illado das vivendas ou a distancia existente ás instalacións propias, grandes investimentos de nula ou escasa rendibilidade económica.

SÉTIMA. Publicidade activa.

Durante todo o proceso de aprobación do Convenio, deberá cumprirse coas esixencias de publicidade activa en virtude do disposto no artigo 21.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e na normativa vixente en materia de transparencia. Non obstante, neste procedemento, poderase prescindir do trámite de audiencia porque non figuran no procedemento nin existen intereses de terceiros.

OITAVA. Análise xurídica do convenio.

En canto á análise xurídica do texto do convenio, máis aló do xa analizado e que esta secretaría entende axustado a dereito, cabe indicar que cumpre co establecido no artigo 49 da Lei 40/2015 en canto ao contido dos convenios:

- a) Suxeitos que subscriben o convenio e a capacidade xurídica con que actúa cada unha das partes.** Consta no documento os suxeitos que subscriben o mesmo e queda acreditada a súa capacidade xurídica, sempre que o órgano correspondente adopte o acordo que se propón.
- b) A competencia na que se fundamenta a actuación da Administración Pública, dos organismos públicos e as entidades de dereito público vinculados ou dependentes dela ou das Universidades públicas.** Consta no documento a competencia e foi analizado no punto sexto deste informe.
- c) Obxecto do convenio e actuacións a realizar por cada suxeito para o seu cumprimento.**



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [\[https://sede.abegondo.gal\]](https://sede.abegondo.gal) mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



CONCELLO
DE
ABEGONDO
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.gal
endereço electrónico: correo@abegondo.gal

Son obxecto do convenio

O presente convenio de colaboración ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre as partes asinantes para dar cobertura o abastecemento de auga a inmobles situados nas inmediacións dos lindes con Oza Cesuras dende as instalacións de auga deste concello, solucionando así a problemática derivada da imposibilidade legal de exercer as competencias fora do termo municipal.

6. Son actuacións a realizar por cada suxeito para o seu cumprimento as seguintes:

PRIMEIRA. O Concello de Oza Cesuras pon as súas instalacións de abastecemento de auga situadas na zona limítrofe entre ambos os municipios a disposición de Abegondo, para que este concello poida, se é o caso, prestar o dito servizo de subministración de auga a inmobles situados na dita zona limítrofe do seu territorio a través da rede de distribución do concello de Oza Cesuras, de acordo coas condicións que de seguido se establecen:

O concello que solicita a colaboración (Abegondo) deberá dirixir ao outro (Oza Cesuras) unha petición, formalizada en escrito asinado polo seu alcalde, concelleiro delegado ou quen os substitúa, na que, con base neste convenio, se solicite a correspondente autorización para levar a cabo as correspondentes obras de entronque coa rede de abastecemento de auga de Oza Cesuras. Co dito escrito deberá achegarse:

Proxecto técnico ou memoria onde se identifiquen os inmobles aos que se pretende levar a cabo a subministración de auga e consten as características técnicas das obras e instalacións que se preven realizar, prazo máximo de execución que, agás casos excepcionais e debidamente xustificadas no propio documento, non poderá exceder dun mes- e o seu orzamento total

Compromiso expreso por parte do concello petionario de responsabilizarse de todos os danos e prexuízos que, con ocasión ou motivo da obra, poidan ocasionarse ao concello colaborador, persoas ou cousas.

Unha vez recibido o anterior escrito, o concello colaborador deberá notificar o seu acordo ao concello petionario no prazo máximo dun mes, que contará dende a data de inscrición do dito escrito no seu rexistro de entrada de documentos. Agás casos excepcionais debidamente motivados, a petición deberá ser autorizada cando concorran as seguintes circunstancias:

- Que o concello colaborador teña instalacións de subministración de auga próximas á zona en cuestión.
- Que a auga poida levarse por gravidade.
- Que o inmovle ou inmobles que se solicita servir se atopen preto do linde entre ambos os municipios, de xeito que esta solución sexa viable e conveniente.
- Que as obras e instalacións previstas sexan compatibles ou non prexudiquen a subministración de auga do concello colaborador.

Todos os gastos e tributos derivados ou ocasionados polas ditas obras de entronque e, se é o caso, demais accesorias, serán aboados polo concello petionario.

SEGUNDA. O concello de Oza Cesuras instalará un contador e unha arqueta de entronque, que medirá a cantidade de auga potable que recibe o concello petionario (Abegondo). Cada metro cúbico de auga que pase polo dito contador cobrarase coa tarifa mínima que estipule a ordenanza fiscal para o efecto do Concello de Oza Cesuras. Este remitirá trimestralmente o correspondente recibo á conta bancaria que o concello de Abegondo dispoña para efecto.



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [\[https://sede.abegondo.gal\]](https://sede.abegondo.gal) mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



CONCELLO
DE
ABEGONDO
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.gal
endereço electrónico: correo@abegondo.gal

TERCEIRA. O concello de Abegondo deberá levar a cabo pola súa conta e cargo tan pronto sexa requirido polo concello colaborador, e en calquera caso no prazo máximo dun mes que contará dende a recepción da correspondente comunicación, todas as reparacións e actuacións que sexan precisas para manter as obras e instalacións de entronque e accesorias efectuadas en perfecto estado de conservación, funcionamento e servizo e para evitar calquera prexuízo á rede de traída de auga do concello colaborador.

CUARTA. Os concellos de Oza Cesuras e Abegondo comprométese a facilitarse mutuamente toda a información necesaria que estea relacionada co obxecto da colaboración.

d) Obrigas e compromisos económicos asumidos .

En virtude do Convenio os asinantes non adquiren compromisos económicos, ver o Convenio.

e) Mecanismos de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e dos compromisos adquiridos polos asinantes. Este mecanismo resolverá os problemas de interpretación e cumprimento que poidan exporse respecto dos convenios. O mecanismo de seguimento proposto é unha Comisión de seguimento integrada por todas as Administracións partícipes no presente convenio. Esta secretaría considera axeitado este mecanismo.

A Comisión rexerase por o disposto na Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público **sobre os órganos colexiados.**

f) O réxime de modificación do convenio. A falla de regulación expresa a modificación do contido do convenio requirirá acordo unánime dos asinantes, todo elo de acordo co expresado no punto sexto do convenio sobre a comisión de seguimento e xa analizado.

g) Prazo de vixencia do convenio. Consta no punto quinto do convenio que entrará en vigor o día da súa sinatura e permanecerá vixente durante un prazo de cinco anos, prorrogable automaticamente por períodos dun ano, agás que por parte do petionario se faga un mal uso da auga, isto é, calquera outro que non sexa o uso doméstico para os inmobles referidos.

NOVENA. Impacto económico e non adscripción de persoal (art. 50.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público):

O presente convenio de colaboración ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre as partes asinantes para dar cobertura o abastecemento de auga a inmobles situados nas inmediacións dos lindes con Oza Cesuras dende as instalacións de auga deste concello, solucionando así a problemática derivada da imposibilidade legal de exercer as competencias fora do termo municipal.

DÉCIMA. O procedemento a seguir é o seguinte:

A. Elaborado o texto inicial do convenio, emitírase informe de Intervención en relación cos aspectos económicos que leva a subscripción do mesmo; en concreto, o Interventor valorará, especialmente, que devandito convenio, en termos de eficiencia económica, permite una asignación máis eficiente dos recursos económicos. Neste procedemento se considera necesario un informe técnico económico que xustifique a idoneidade do mesmo.

B. Una vez negociado e subscrito o texto inicial do Convenio o mesmo será aprobado por Pleno. O acordo mediante o que se aprobe será publicado, de acordo co establecido no artigo 40 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, no prazo de dez días a partir da data en que o



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [\[https://sede.abegondo.gal\]](https://sede.abegondo.gal) mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



CONCELLO
DE
ABEGONDO
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.gal
endereço electrónico: correo@abegondo.gal

acto sexa ditado, e deberá conter o texto íntegro da resolución, con indicación de se pon fin ou non á vía administrativa, a expresión dos recursos que procedan, no seu caso, en vía administrativa e xudicial, o órgano ante o que deben presentarse e o prazo para interpoñelos, sen prexuízo de que os interesados poidan exercitar, no seu caso, calquera outro que estimen procedente. [Esta tramitación deberá se levada a cabo pola Xunta de Galicia sen prexuízo das actuacións de publicidade activa a levar a cabo polo Concello]

Visto canto antecede, considérase que o expediente seguiu a tramitación establecida na Lexislación aplicable procedendo a súa aprobación de acordo co artigo 61.1.o) da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, en concordancia co artigo 21.1.q) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.
PROPOÑO:

PRIMEIRO. Aprobar a formalización do Convenio de Colaboración Interadministrativo entre os Concellos de Abegondo e de Oza Cesuras para a prestación do servizo de Abastecemento de Auga Potable en Zonas Limítrofes entre o Concello de Abegondo e Oza Cesuras.

SEGUNDO. Comuníquese certificación do presente Acordo o Concello de Oza-Cesuras para os efectos oportunos.

TERCEIRO. Facultar ao alcalde para cantas xestións resulten precisas para a execución do presente Acordo, así como a formalización do Convenio, en representación legal do Concello (art. 21.1. da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local).

CUARTO. Publíquese Anuncio do presente Acordo no Taboleiro de Anuncios e portal de transparencia Municipal, en publicidade activa da información municipal, de conformidade coa lexislación estatal e autonómica.

Tras unha breve exposición por parte do alcalde-presidente, procedese á votación da proposta presentada, co seguinte resultado:

Votos a favor: 13 (José Antonio Santiso Miramontes, Laura C. Calvo Quintela, Alberto Seoane Brandariz, Gustavo Manuel Quindimil Gómez, Marcos Zapata Díaz, Francisca Bestilleiro Roel, José María Caamaño Nogueira, Luís Constante Freire Pérez de Juan, Silvia Taboada Carro Roberto Gómez Lesta, Fátima Insua López, María Ángeles Vilas Pedreira e Francisco Javier Rodríguez Souto)

Abstencións: 0

Votos en contra: 0

Polo que o Pleno da Corporación, acorda aprobar a proposta.

5. AGRUPACIÓN PARA O SOSTEMENTO EN COMÚN DO POSTO DE TESOURERÍA E APROBACIÓN INICIAL PROXECTO ESTATUTOS

Dase conta da seguinte proposta ditaminada favorablemente pola comisión informativa correspondente:

ASUNTO: AGRUPACIÓN PARA O SOSTEMENTO EN COMÚN DO POSTO DE TESOURERÍA E APROBACIÓN INICIAL PROXECTO ESTATUTOS

EXPEDIENTE: 2019/X999/000317 - 2020/G006/000199



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [\[https://sede.abegondo.gal\]](https://sede.abegondo.gal) mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



CONCELLO
DE
ABEGONDO
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.gal
endereço electrónico: correo@abegondo.gal

ANTECEDENTES

PRIMEIRO. Os concellos de Bergondo, Carral, Abegondo e Miño pretenden agruparse para o sostemento en común do posto de Tesourería.

SEGUNDO. Os representantes destes concellos tiveron unha xuntanza previa coa Subdirectora xeral de réxime xurídico local da Dirección Xeral de Administración Local da Xunta de Galicia, que achegou información sobre os trámites a seguir e un modelo de estatutos que regulen a agrupación.

TERCEIRO. O pleno de cada un dos concellos de Carral, Miño, Abegondo e Bergondo acordaron incoar o expediente para a creación dunha agrupación voluntaria intermunicipal con obxecto de sostener en común o posto de Tesoureiro/a cos Concellos de Abegondo, Carral e Miño.

CUARTO. A Comisión paritaria dos Concellos de Bergondo, Abegondo, Carral e Miño constituíuse o 09.12.2019 e acordou o texto dos Estatutos da agrupación.

QUINTO. O expediente someteuse á preceptiva información pública mediante anuncio inserido no Boletín Oficial da Provincia núm.12 do 20 de xaneiro, polo prazo dun mes.

No prazo de exposición pública non se presentaron alegacións.

SEXTO. O 3 de febreiro de 2020, solicitáronse os informes preceptivos á Delegación do Goberno en Galicia e á Deputación Provincial da Coruña, que non emitiron o informe en prazo. De xeito extemporáneo, recibíuse informe favorable da Delegación do Goberno en Galicia o 5 de marzo de 2020.

SEPTIMO. O 6 de marzo, no Boletín Oficial do Estado núm.57, do 6 de marzo de 2020, publicouse a Resolución de 25 de febreiro de 2020, da Dirección General de la Función Pública, pola que resolve o concurso unitario de postos de traballo reservados a funcionarios de administración local con habilitación de carácter nacional, en cuxo artigo terceiro, adxudica os postos incluídos na convocatoria, nos termos que se determinan non anexo adxunto, entre os que figuraba, na Comunidade Autónoma de Galicia, no eido das Tesourerías, a do Concello de Miño, resultando adxudicataria, dona Paula Herráez Blanco.

OITAVO. Por acordo do Pleno do Concello de Abegondo de 29 de outubro de 2020 aprobouse inicialmente creación dunha agrupación voluntaria intermunicipal con obxecto de sostener en común o posto de Tesoureiro/a cos Concellos de Bergondo e Carral.

LEXISLACIÓN APLICABLE

A Lexislación máis destacada do asunto é a seguinte:

- Os artigos 9, 12 e 14 do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional.
- Os artigos 11, 12 e 13 Decreto 49/2009, do 26 de febreiro, sobre o exercicio das competencias da Comunidade Autónoma de Galicia respecto dos/as funcionarios/as con habilitación de carácter estatal.
- A Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local.
- Os artigos 47.2.g) e 92 Bis da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

CONSIDERACIÓNS

PRIMEIRA. Os artigos 165, 166 e 167 da Lei 5/1997, de 2 de xullo, de administración local de Galicia, prevén a agrupación para o sostemento en común dos postos reservados a funcionarios con habilitación de carácter nacional; e que o artigo 14 do Real decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, establece no seu punto 3: “Las Entidades Locales cuya



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [\[https://sede.abegondo.gal\]](https://sede.abegondo.gal) mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



CONCELLO
DE
ABEGONDO
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.gal
endereço electrónico: correo@abegondo.gal

Secretaría esté clasificada en clase 2.^a y 3.^a, podrán agruparse entre sí para el sostenimiento en común de un puesto único de Tesorería, al que corresponderá la responsabilidad administrativa de las funciones propias de este puesto de trabajo en todos los municipios agrupados.(...)”

SEGUNDA. De conformidade coas disposición legais e regulamentarias citadas, que pervén a agrupación para o sostemento en común dos postos reservados a funcionarios con habilitación de carácter nacional nas entidades locais cuxo volume de servizos ou recursos sexa insuficiente, por criterios de economía, como xa se valorou con motivo da aprobación da RPT, considerando a capacidade económica do concello, tratándose dun municipio que pola dinámica poboacional e pola dinámica económica conta cun potencial de recursos propios limitado, sendo sen embargo posible o sostemento do posto de tesourería en común mediante achega da parte alícuota que se determine nos custes que orixine, xunto cos Concello de Abegondo, Carral e Miño, e tal como se ten exposto na xuntanza previa levada a cabo coa Subdirectora xeral de réxime xurídico local da Dirección Xeral de Administración Local da Xunta de Galicia, que nos achegou os trámites a seguir e un modelo de estatutos que regulen a agrupación.

TERCEIRO. A normativa básica indica que lles corresponde ás corporacións locais realizar as modificacións necesarias para que o posto de tesourería se clasifique pola Comunidade Autónoma como posto reservado á Subescala correspondente da Escala de funcionarios de administración local con habilitación de carácter nacional. Debendo procederse á creación ou modificación do posto de Tesoureiro polo Pleno da Corporación, previa a dotación orzamentaria correspondente de conformidade co procedemento establecido pola lexislación de réxime local autonómica, a cal deberá aprobar a clasificación do posto e a súa inscrición non rexistro de posto de funcionarios de Administración local con habilitación de carácter nacional.

CUARTA. O procedemento efectuado e o texto dos estatutos se axusta ao establecido por Lei.

Por todo o exposto, e tendo en conta a posibilidade de agruparse cos Concellos de Abegondo, Bergondo e Carral, en razón de todo o exposto esta alcaldía, propón ao Pleno a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO. Incoar o expediente para a constitución da agrupación voluntaria dos Concellos de Abegondo, Bergondo e Carral para o mantemento en común do posto de Tesourería.

SEGUNDO. Designar ao Alcalde -presidente, e á Primeira Tenente de Alcalde, como representante e suplente do Concello de Abegondo na Xunta administrativa da Agrupación. Estes poden ser substituídos polos distintos tenentes de alcaldes en caso de imposibilidade de acudir do titular e suplente.

TERCEIRO. Aprobar inicialmente o proxecto de estatutos da agrupación que se detallan a continuación:

ESTATUTOS DA AGRUPACIÓN VOLUNTARIA DOS CONCELLOS DE BERGONDO, ABEGONDO E CARRAL DA PROVINCIA DA CORUÑA PARA O SOSTEMENTO EN COMÚN DO POSTO DE TESOURERÍA

Artigo 1. Disposicións xerais e entidades que integran a agrupación.

1. Os Concellos de Bergondo, Abegondo e Carral, da provincia da Coruña, constitúense nunha agrupación voluntaria para o sostemento en común do posto de Tesourería en virtude do disposto no artigo 14 do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se aproba o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional.



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [\[https://sede.abegondo.gal\]](https://sede.abegondo.gal) mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



CONCELLO
DE
ABEGONDO
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.gal
endereço electrónico: correo@abegondo.gal

2. A Agrupación constituída rexeráse polos presentes Estatutos e polas disposicións legais vixentes, e carecerá de personalidade xurídica distinta das Entidades que a forman.

3. A cabeceira da Agrupación fíxase no municipio de Bergondo, con sede na súa Casa Consistorial, onde terá o seu domicilio legal a Xunta Administrativa da agrupación.

Artigo 2. Fins e posto de traballo que se agrupa.

A Agrupación ten como único obxecto dispor dun funcionario de Administración Local con habilitación de carácter nacional para o servizo dos Concellos que a compoñen, e que terá os dereitos e obrigas xerais que a lexislación vixente establece, máis os especiais que se consignan nos presentes Estatutos.

Artigo 3. Organización.

1. A Agrupación será xestionada por unha Xunta Administrativa, órgano colexiado de goberno e administración con representación de todas as Entidades agrupadas.

Esta Xunta Administrativa estará integrada por sete membros, designando o pleno de cada concello dous membros e suplentes por cada concello, contando con tres membros o concello de cabeceira.

Actuará como presidente/a da Xunta Administrativa da agrupación, o/a representante do concello da cabeceira e os restantes membros como vogais. Os vogais serán nomeados polos Plenos de cada Concello e o seu mandato terá a mesma duración que das súas respectivas Corporacións.

Actuará como Secretario/a da mesma o/a que o sexa do concello de cabeceira.

2. As atribucións da Presidencia da Agrupación na súa calidade de alcalde/sa da cabeceira serán, en canto resulten aplicables e concretamente en materia de persoal, as contidas no artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

3. Serán competencias da Xunta Administrativa da agrupación:

- O coñecemento e resolución de cantos asuntos podan presentarse no funcionamento da Agrupación, así como os que se lle atribúan por disposicións legais.

7. - Velar polo cumprimento das obrigas da persoa que desempeña o posto de Tesourería e, no seu caso, a corrección do mesmo de acordo co establecido na normativa vixente para funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, previa instrución do correspondente expediente cando proceda.
- Coñecer e coordinar as licencias e permisos da persoa funcionaria que ocupe o posto de Tesourería e as súas substitucións.

4. A Xunta administrativa rexeráse polas normas de funcionamento de órganos colexiados contidas na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público

Artigo 4. Réxime do persoal

1. O funcionario que presta servizos na Agrupación dependerá organicamente do municipio da cabeceira e seralle de aplicación o mesmo réxime que ao resto de persoal da Administración Local da que depende organicamente.



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [\[https://sede.abegondo.gal\]](https://sede.abegondo.gal) mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



CONCELLO
DE
ABEGONDO
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.gal
endereço electrónico: correo@abegondo.gal

2. Establécese que o funcionario da Agrupación asista aos concellos integrantes da agrupación do seguinte xeito: Os martes, ao Concello de Abegondo; os mércores, ao de Bergondo e os xoves, ao de Carral; cada semana os luns e venres a un concello dos integrantes da agrupación: semana 1. Concello de Abegondo; semana 2. Concello de Bergondo; e semana 3: Concello de Carral e volta a comenzar as quendas.

Os horarios de asistencia aos distintos concellos agrupados serán establecidos por cada un deles e poderán ser modificados por circunstancias do servizo ou pola existencia de distintos días festivos locais, tendendo sempre á proporcionalidade equitativa a cada concello. Sexa como fora, a presenza efectiva en cada concello non implica que non teña que desempeñar as funcións propias de cada concello os días que o requiran polos medios telemáticos que precise.

3. O Tesoureiro/a realizará a xornada de traballo que sinalen as disposicións en vigor, distribuíndose entre as Entidades Locais agrupadas de forma igualitaria o tempo de traballo do posto de Tesoureiro/a nos tres concellos agrupados, de acordo coa xornada laboral aprobada en cada unha delas.

Exceptúanse deste réxime aqueles casos de suma urxencia, a xuízo do Tesoureiro/a, que esixa a presenza deste/a funcionario/a en calquera dos municipios agrupados.

4. O réxime disciplinario da persoa que ocupe o posto que se agrupa, acomodarse ao disposto nas disposicións legais e regulamentarias vixentes e será exercido polo/a Presidente/a da Agrupación na súa condición de alcalde/sa da cabeceira e previo informe da Xunta da Agrupación.

Artigo 5: Retribucións

1. O réxime retributivo (retribucións, cotizacións á seguridade social e demais gastos derivados do funcionamento da Agrupación) acomodarse ao disposto na normativa de función pública para o persoal da administración local e distribuírse a partes do seguinte xeito entre os tres concellos que conforman a agrupación: 34% Concello de Bergondo; 33% Concello de Abegondo e 33% Concello de Carral.

2. As retribucións básicas do posto de Tesourería serán as establecidas pola lexislación vixente.

3. As retribucións complementarias do posto se corresponden coas retribucións complementarias do posto no concello de cabeceira. Ás mesmas engadirase o complemento de agrupación (45% do complemento de destino asignado ao posto; 15% cada un dos concellos agrupados, segundo sinala o artigo 8.1 do Real Decreto 861/1986).

4. Calquera cambio nas retribucións fixarase pola Xunta Administrativa da Agrupación dentro dos límites legais, con ratificación de todos os Concellos agrupados.

Artigo 6. Recursos económicos da Agrupación

1. O Concello de Bergondo, comprométese a dotar economicamente o posto no orzamento anual de cada exercizo. Os Concellos de Abegondo e Carral comprométese a dotar e transferir anualmente ao Concello de Bergondo as cantidades que lles correspondan para o sostemento económico do posto agrupado. A correspondente transferencia efectuarase no primeiro trimestre do ano.

2. A cantidade que cada entidade da Agrupación consigne anualmente nos seus respectivos orzamentos ordinarios para as atencións da persoa que ocupe o posto de funcionario da Agrupación e demais gastos derivados do



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [\[https://sede.abegondo.gal\]](https://sede.abegondo.gal) mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



CONCELLO
DE
ABEGONDO
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.gal
endereço electrónico: correo@abegondo.gal

funcionamento desta, constitúe o único recurso económico da Agrupación de conformidade coas disposicións legais vixentes.

3. O pago que a cabeceira da Agrupación faga polas retribucións que correspondan á persoa que ocupa o posto de funcionario que se agrupa, as cotizacións ao réxime de Seguridade Social e demais gastos derivados do funcionamento do posto, será compensado por todas as entidades agrupadas segundo as seguintes porcentaxes:
Concello de Abegondo: 33%
Concello de Carral: 33%

Artigo 7 Réxime xurídico da Agrupación

1. En relación ao réxime de sesións e acordos da Xunta da Agrupación, esta reunirse, cando menos e con carácter ordinario, unha vez ao ano, podendo realizar cantas sesións extraordinarias sexan necesarias para resolver os asuntos de interese da mesma, por instancia do Presidente ou de calquera dos membros da Xunta.

2. O despacho dos asuntos correspondentes ás entidades atenderase pola persoa que ocupa o posto de funcionario da Agrupación sen preferencia para ningún deles, sen que isto implique a desatención ou menoscabo dos servizos.

En caso de urxencia ou forza maior, atenderase preferentemente á entidade afectada.

Artigo 8. Vixencia da Agrupación e causas de disolución e modificación da Agrupación

1. A Agrupación constitúese por prazo indefinido e terá efectos xurídicos desde o día seguinte ao da publicación no Diario Oficial de Galicia da Resolución de aprobación da mesma polo órgano autonómico competente en materia de Administración Local.

2. A disolución ou modificación da Agrupación constituída para o sostemento de persoal en común poderá iniciarse polas entidades locais interesadas, mediante acordo adoptado pola maioría que determine a normativa en materia de réxime local.

No acordo de disolución farase constar a proposta de clasificación ou, de ser o caso, exención do posto resultante tras a disolución. No devandito acordo deberase fixar a cal das entidades locais quedará adscrita a persoa que estea a desempeñar o posto de funcionario con habilitación de carácter nacional na Agrupación.

En calquera caso deberá quedar garantida a prestación das funcións públicas necesarias.

3. No caso de que o acordo plenario no que se aprobe a disolución non se adopte por todas as entidades integrantes da Agrupación, a entidade local que inste a disolución dará traslado do acordo ás entidades restantes para que no prazo dun mes e mediante acordo plenario presenten cantas alegacións consideren oportunas.

4. Serán causas de disolución da Agrupación as seguintes:

A imposibilidade de prestar convenientemente as funcións públicas necesarias de forma illada a causa do aumento/diminución do volume de servizos ou recursos

O aumento ou diminución substancial da poboación ou da actividade administrativa,

Maiores esixencias do servizo que reclamen a presenza do persoal da Agrupación no concello.

A solicitude motivada de calquera dos membros de disolución e o acordo do resto de non continuar coa agrupación.



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [\[https://sede.abegondo.gal\]](https://sede.abegondo.gal) mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



CONCELLO
DE
ABEGONDO
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.gal
endereço electrónico: correo@abegondo.gal

5. Serán causas de modificación da Agrupación as seguintes:

- A desagrupación dun municipio ou entidade local supramunicipal cando a Agrupación estea constituída por dúas ou máis entidades locais.
- A agregación dun municipio ou entidade local supramunicipal

Artigo 9. Procedemento de modificación dos Estatutos

A modificación destes Estatutos requirirá os mesmos trámites esixidos pola normativa de aplicación para a súa aprobación e constitución.

Disposición final única.

A Agrupación rexerese polas normas contidas nos Estatutos e no non previsto nestes, polo establecido no Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se aproba o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional; e polas disposicións que se diten en relación con este persoal en tanto que a Agrupación non se disolva legalmente.

Cuarto. Someter ou expediente a información pública durante o prazo dun mes mediante publicación no BOP e solicitar informe da Deputación Provincial e da Delegación do Goberno da Comunidade Autónoma. Tales informes deberán ser emitidos no prazo dun mes, a partir da súa solicitude, entendéndose favorables de non recibirse no referido prazo.

Tras unha breve exposición por parte do alcalde-presidente, procedese á votación da proposta presentada, co seguinte resultado:

Votos a favor: 9 (José Antonio Santiso Miramontes, Laura C. Calvo Quintela, Alberto Seoane Brandariz, Gustavo Manuel Quindimil Gómez, Marcos Zapata Díaz, Francisca Bestilleiro Roel, José María Caamaño Nogueira, Luís Constante Freire Pérez de Juan e Silvia Taboada Carro)
Abstencións: 4 (Roberto Gómez Lesta, Fátima Insua López, María Ángeles Vilas Pedreira e Francisco Javier Rodríguez Souto)
Votos en contra: 0

Polo que o Pleno da Corporación, acorda aprobar a proposta.

PARTE II: CONTROL ÓRGANOS DE GOBERNO

1. DACIÓN DE CONTA INFORMACIÓN TRIMESTRAL DO 3 DE TRIMESTRE 2020

Deuse conta de que o Concello neste terceiro trimestre de 2020 cumpre cos obxectivos de estabilidade e período medio de pago.

2. DACIÓN DE CONTA DO ESTADO DE TRAMITACIÓN DO PXOM

O alcalde traslada que se está a traballar xunto con Urbanismo da Xunta no documento, que parece que vai para diante e espera ter o documento para tramitar as autorizacións sectoriais en datas próximas.

3. DECRETOS DA ALCALDÍA

Dase conta.

4. ROGOS E PREGUNTAS

Simplemente se da conta do estado do Concello en relación con Covid e a baixa incidencia sen transmisión



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [\[https://sede.abegondo.gal\]](https://sede.abegondo.gal) mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



CONCELLO
DE
ABEGONDO
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.gal
endereço electrónico: correo@abegondo.gal

comunitaria que ata o de agora hai.

Ás 13:51 horas non hai máis asuntos que tratar, polo que, por orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, da que eu dou fe.

O alcalde

José Antonio Santiso Miramontes

O secretario

Adrián J. Márquez Caramés



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<https://sede.abegondo.gal>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.